

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns


<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus>
[/onstopus.htm](http://onstopus.htm)

Nº56/ Ano: 2022 / 2º xornal Mes de setembro / Estado de Festa do Marisco

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



REVISTA
“NOVA ARDENTÍA”
Saíu un novo número desta importante revista sobre a cultura mariñeira. Nela Manuel Pérez Rúa escribe a 2ª parte da transcripción da charla co auniense Manuel Piñeiro Otero. **Páx. 1**



DESAFÍO AUDIOVISUAL “ILLAS CÍES”
Interesante proxecto levado a cabo polo alcalde de Vigo nas illas que pertencen ao seu municipio. Por que non se fai o mesmo en Ons e nas demais illas do Parque? **Páx. 1**



O mesmo lector que no anterior número falaba do traballo das Ecobrigadas de Ons, ensínanos o seu labor. **Páx. 2**



SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS
Sobre o despezamento da goleta <Nieves> en Gran Tarajal (Fuerteventura). **Páx. 2**



OUTONOS MICOLÓXICOS
Estamos a piques de comezar a estación micolóxica por excelencia. Bo momento para facer actividades en Ons. As visitas micolóxicas podería ser unha boa alternativa. Falla un técnico dinamizador. **Páx. 3**



Unha idea de reforestación: **OS ARBOAFILLADOS**. **Páx. 5**



Xurde a dúbida. Foi e é Melide, en Ons, unha praia Nudista? **Páx. 4**



II Festa do PESCADOR. Illa de Ons.

Breves

- Curiosidades (Páx. 5)
- Unha escapada a Ons (Páx. 7)
- A compostaxe na Illa (Páx. 7)
- Estado dalgún camiño (Páx. 7)
- O campanu de Maqui (Páx. 7)

DESAFÍO AUDIOVISUAL ILLAS CÍES

Que interesante este proxecto onde un grupo de creativos audiovisuais van a levar a cabo neste arquipélago. (*Principios de setembro 2022*)

Segundo parece, é a terceira edición e está organizado polo concello de Vigo. O tema consiste en que varios profesionais da fotografía e vídeo realicen, durante catro días, as gravacións que sexan necesarias, logo, xa en terra e nos seus estudos, realizarán a postprodución, que logo será presentada para que un xurado a avalíe e ditamine quen son os gañadores.

Está claro que o alcalde de Vigo é un bo xestor e ten ideas que redundarán en beneficio da illa do Parque que pertence ao seu municipio.

Este tipo de iniciativas son as que vimos pedindo, dende Pineiróns, aos responsables da Consellería de M. Ambiente e a Parques para ter, como neste caso do mundo audiovisual, un material que sirva, non só para promocionar as illas, senón para dar a coñecer aspectos que van quedando no esquecemento pola falla de ganas e imaxinación dos administradores do Parque, pois, senón se toma algunha medida eficaz e rápida, como poden ser, entre outras, a elaboración de documentais, perderanse para sempre.


Dende a Consellería de M. Ambiente deberían promocionar estas accións e axudar a todos aqueles que presenten proxectos ao respecto e non ser sempre o <NON> o que impere en todo aquilo que non sae deles ou da universidade.

Sobre as Illas do Parque necesítanse gravacións, fotografías, vídeos, elaboración de documentais,...., que teñan que ver con aspectos que están a piques de desaparecer, en especial dentro do mundo etnográfico, arquitectónico, paisaxístico,...., pero só dedican cartos e esforzos ao mundo ecolóxico-natural.

Coido que é un erro do que, co tempo, terán que dar conta os actuais xestores do Parque Nacional das Illas Atlánticas.



Aspectos etnográficos sobre a matanza, a pesca e aparellos, as festas, as fornadas, a pesca do polbo tradicional,...., quedarán no máis triste dos esquecementos sen estudos nin documentais.



NOVA ARDENTÍA
No mes de maio saíu o nº 14 da Revista Galega de Cultura Marítima e Fluvial “Nova Ardentía”, cun bo número de interesantes artigos sobre o mundo do mar.
Destacamos aquí, a segunda parte da interesante entrevista feita ao auniense **Manuel Piñeiro Otero** que contén importantes aportacións para a historia social e etnográfica de Ons.
Sobre a primeira parte falamos en Onstopus nº38
<http://bueu.es.y.es/Revistas/Onstopus/38/onstopus-38.pdf>

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS “Motiveleiro Conquistador” (Nieves)

Esta suxestión, chegoume o mesmo día que enviamos o Onstopus nº 55 e ten que ver co despezamento da goleta <Nieves>. Un lector escribe: “Ola Pardellas, como sei seguro que che interesa, aquí mándoche unhas pequenas notas saídas nos medios e nas redes sobre o despezamento da que ti coñechiches como goleta “Nieves”:

“Juan Carlos Díaz Lorenzo di:



- Se consume el desguace de un motovelero de 1918.
- En el puerto deportivo de Gran Tarajal, y con mucha prisa, se está desguazando un buque histórico que llevaba años amarrado en el muelle donde atracaba Salvamento Marítimo.
- Se trata del buque “Conquistador”, ex “Nostramo”, ex “José Miguel Masiques”, ex “Nieves”, al que vimos muchas veces fondeado en el puerto de Los Cristianos como buque turístico.
- Según ha podido saber [puentedemando.com](https://www.puentedemando.com), el buque se encontraba en situación de abandono legal desde 2019. Un auto judicial, de fecha 07/04/2022, autoriza a Puertos Canarios para que proceda a su desguace, ante el riesgo de hundimiento inminente, previo informe de Capitanía Marítima de Las Palmas.
- Hubo varias emergencias, con la intervención de bomberos y Sasemar, estando con gente a bordo.
- Puertos Canarios gasta 150.000 € en el desguace de un buque centenario en Gran Tarajal.
- Lleven las críticas a la gestión de la entidad Puertos Canarios, que ha preferido quitárselo de encima gastando unos 150.000 euros para su desmantelamiento, frente a la opción de ponerlo en seco como medida transitoria en un intento para su restauración y conservación a cargo de terceros y al amparo del Reglamento de Buques Históricos de la Marina Mercante”.

Moitas grazas pola túa suxestión. O único que podo dicir é que hoxe en día o mantemento das nosas Embarcacións Tradicionais e centenarias, é bastante complicado e coído que hai que comerse moito os miolos para buscarlles unha utilidade e que esta, como mínimo, sexa rendible para cubrir todos os gastos das persoas, asociacións ou entidades que as teñan ao seu cargo.

Todos van ao doado, subvencións do estado, autonómicos ou europeos, que quizais deron resultado nun principio, pero coído que agora esixen máis ideas e darlle unha saída cultural, lúdica e didáctica a esas embarcacións durante todo o ano.

Fotos do despezamento: <https://www.puentedemando.com/>

A goleta: Tinón.



SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Enviado polo mesmo lector que no nº anterior: “Ola de novo Tinón, como dicías que non sabías os labores realizados por este grupo de rapaces das Ecobrigadas, aquí che deixo unhas fotos novas onde podes comprobar o seu traballo de retirada de plantas non autóctonas, recollida do lixo, limpeza de latrinas, arranxo do pasamáns,... Todo un magnífico labor a prol de Ons”

OUTONOS MICOLÓXICOS

Por que non organizar saídas micolóxicas a Ons?

Seguirei tendo moi claro que o Parque non funcionará adecuadamente si non conta cun/cuns *Técnic@s Dinamizador/ora/s* que sexa/n quen de organizar e poñer a andar o enorme potencial que teñen estas illas.

Non o entendo. Teñen uns Guías oficiais moi preparados e o Parque deu cursos durante estes 20 anos, os suficientes, para ter unha flota de guías que poden prepararse para ocupar ese posto.

Por que esta falla de actividades no outono, inverno e primavera nas propias Illas? Son unhas estacións especiais, onde collen outro aspecto, outra imaxe, e onde a tranquilidade e a paz se respira no ambiente.

Politicamente, neste aspecto, a Consellería e a Dirección Xeral de Patrimonio Natural, non funcionan.

Coido que é nestes meses cando se deben proxectar, impulsar, promover,..., as illas nos seus aspectos máis sedutores como son os ámbitos etnográfico, histórico, ornitolóxico, paisaxístico, micolóxico,...

Necesítase unha/s persoa/s que programe/n e que sexa/n quen de dar saída a tantas ideas sobre actividades a facer nestas illas fóra da etapa estival e que quizais axuden a que, no verán, veñan con outras actitudes.

Unha de tantas, con respecto á Illa de Ons, son os *Outonos Micolóxicos*, dos que xa falei en Onstopus:

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/40/onstopus-40.pdf>

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/44/onstopus-44.pdf>

Hai en Bueu unha asociación micolóxica que conta con persoal especializado neste campo e que son bos coñecedores da Illa.

É tan complicado poñerse en contacto con eles e planear unhas saídas a Ons micolóxicas de estudo, recoñecemento,..., e valoración deste mundo natural tan descoñecido para moitos.

É tan complicado preparar unha serie de viaxes dun día e ata de fin de semana, utilizar o Centro de Visitantes para charlas previas, idear rutas micolóxicas, organizar concursos de fotografía e vídeo sobre a temática,...

Que pasa, hai problemas coas navieiras, pois hai barcos como o Chasula e outros que poden poñer a disposición do Parque as Asociacións de Embarcacións Tradicionais, e a carón de navegar, tamén axudar, e axudarse, para que estes barcos teñan un sentido e non se despecen como o <Nieves>, do que xa falamos no Onstopus anterior.

Sigo dicindo, ideas e proxectos hai ou se poden programar para estas estacións, hai xente con preparación para levalas a cabo, hai medios,..., o único que **NON HAI** é disposición para facelo por parte da Consellería de Medio Ambiente e Parques, ou tamén, do propio Concello de Bueu que, supoño, para organizar actividades en Ons, non terá problemas de Competencias.



Clathrus ruber. (Santi Corral)



Lanzia echinophila = Rutstroemia echinophila (Santi Corral)

Clathrus ruber

Curioso cogomelo que no seu interior ten aloxada a gleba ou masa esporal que é viscosa e fedorenta, estes fungos “Fedorentos” atraen aos insectos que gustan desta sustancia, logo son os encargados de dispersar as esporas ao pousarse. Foto feita no piñeiral da Espaduada o 17 de xaneiro do 2012.

Lanzia echinophila = Rutstroemia echinophila

Diminuto cogomelo con forma de copa, provisto dun pequeno pé, o hábitat é sobre os (invólucros) ourizos dos castiñeiros en estado de descomposición. Foto feita no bosque da Mina ou Entenza o 25 de setembro do 2007.

Macrolepiota procera

Cogomelo moi coñecido en todo o país onde ten unha morea de nomes populares, cachote, choupin, cogordo, zarrota, etc. Na illa é moi abundante en diversos hábitats. Foto realizada na zona sur de Chan da Pólvora o 23 de maio do 2012.


Macrolepiota procera (Santi Corral)



Textos e fotos de Santi Corral (Bueu), socio fundador da Asociación Micolóxica “Liboreiro”



O tema do Nudismo en Melide xa tocado noutros Onstopus. Sobre o folleto indicado en:
<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/27/onstopus-27.pdf>
 E nunha charla con Fernando, vilagarcían que foi un dos primeiros nudistas de Melide:
<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/35/onstopus-35.pdf>



É MELIDE, UNHA PRAIA NUDISTA?

Atopamos esta sinalización nun dos camiños da Illa. Indícanos a dirección a seguir para chegar a esta engaiolante e paradisíaca praia.

No poste podemos ler: NUDISTA, segundo parece, rotulado por “*Espíritos Camawuayanos*”.

Estou con ganas de poñerme a escribir as moitas historias gardadas na miña mente, sobre centos de acontecementos ocorridos na Illa ao longo destes case 50 anos enganchado a ela, e que por diversas razóns non escribín antes. Unha delas sería sobre a historia do Nudismo na praia de Melide.

A modo de mínimo entrante, comentar: Alá polo ano 1993, en plena contenda de Folletos entre a administración e un local auniense, propuxéronlle a un “*Espírito Auniense*”, dende a propia administración, realizar un folleto explicativo sobre a Illa. Non o dubidou e presentou, xunto cun compañeiro pintor e debuxante, un bosquexo coa idea.

Aceptáronllo, non sen antes, a carón de corrixir uns nomes científicos dalgunhas plantas, quitar o seguinte do texto: **Zona de Acampada de Melide**: debía de desaparecer e poñer Espazo Natural. **Praia Nudista**: tamén debería desaparecer e poñer practicase nalgunha zona o nudismo. E no debuxo, tería que quitar tamén a sinalización de **zona de acampada** e aos **nudistas** poñelos en plan familiar cun parasol e cuns nenos, loxicamente, todos co seu traxe de baño.

O “*Espírito Auniense*” quedou abraiado, pero, como os que pagan mandan, adiante.

Aproveitando a segunda entrega con todo xa corrixido e debido a que só estaban o funcionario correspondente máis el, preguntoulle por eses cambios en Melide e como pensaban realizalo.

Así, pouco máis ou menos, díxolle: *Na reunión do Consello de Seguridade quedou claro que entre o ano que vén (1994) e o seguinte (1995) cambiará a Normativa de Acampada e as forzas da orde prohibirán acampar en Melide e só se admitirá a acampada en Chan da Pólvora.*

Con respecto ao Nudismo sinaloulle: *Hai traballadores que levan nesa Illa moito tempo, verán e inverno, e coñecen perfectamente o actuar de veciños e visitantes asiduos. Despois de moitas charlas e reunións, chegamos á conclusión de que, cando se quite a acampada de Melide, a maioría dos nudistas de hoxe, non volverán alí e en pouco tempo, Melide non será Nudista, porque as praias en Ons son poucas e pequenas e os visitantes teñen dereito a utilizala sen ter que quitar o traxe de baño.*

Habería que contar máis polo miúdo esta historia, pero o certo é que conseguiron quitar a acampada de Melide e que todos aqueles que durante moitos anos eran campistas-nudistas nela, non foran a Ons, e se ían, dende logo non se achegaban a Melide a practicar o nudismo, agás, honrosas excepcións que aínda perduran no pequeno gueto nudista da zona norte da praia.

Verdadeira pena que unha das primeiras praias nudistas de Galicia, perda esa condición, pero máis desacougo dá que os nudistas que o levaron a cabo entre os anos 1978-1995, a deixaran ir como tal. Serían verdadeiros Nudistas?

REFORESTACIÓN DE ONS

APADRIÑAR UNHA ÁRBORE. OS ARBOAFILLADOS

Por desgraza, Ons nunca tivo moito arborado. Noutros tempos fixéronse repoboacións, quizais non moi acertadas en especies, pero que serviron para que houbera algo de sombra e leña para uso veciñal.

Dende a chegada de Parques, decidiron que había que eliminar a vexetación non autóctona e aquela que podería afectar ao chan e, entre outras, están a cortar eucaliptos e acacias.

Non son experto, técnicos hai que poderán dicir se o que se está a facer é correcto e buscar solucións, pero o que si podo expresar é o meu malestar, e o de moitas máis persoas, pola falla de reforestación, polo menos, nos lugares onde cortaron.

Como xa teño tocado en varios Onstopus, hai unha necesidade de arborado na Illa. Dende a As. PineirÓns, nos seus Informes á Consellería de M. Ambiente, piden todos os anos que se faga e, ata dende Parques, din que si o van facer, pero pasa o tempo e non vemos nada positivo nese campo.

O ano pasado, coa colaboración dunha das compañías navieiras, PineirÓns tiña pensado facer unha Reforestación. Coidamos que era unha boa idea e foi valorada positivamente por Parques, pero non se conseguiu a subvención necesaria para levala a cabo.

Coido que dende Parques, ou mesmo dende o Concello de Bueu, cos veciños ou cos colexios de Bueu, xunto co Centro Forestal de Lourizán, poderían organizar unha serie de plantacións de árbores en Ons, onde cada un levara o nome do neno ou veciño que o plantou e sería o seu padriño. Parques encargaríase de facer o seguimento, mandaríalle fotos. Vídeos, do seu progreso,...., e cada verán podería organizarse unha excursión para que viran como vai o seu "arboafillado" e, se os padriños son veciños, poden facer un seguimento máis asiduo. Ben, son ideas, que poderían matizarse e organizarse moito máis, pero falta un **Técnico Dinamizador** que traía ou busque ideas, as programe, as presente,...., e as leve a efecto.

Un **Parque Nacional Activo** é fundamental para concienciar e sensibilizar ás persoas.

Foto: Melide, en pouco, non terá arborado ningún. Levan máis de 10 anos de cortas en diferentes ciclos, pero, reforestación ningunha. Os ecoloxistas, non saben non contestan, e así está a cousa.



CURIOSIDADES

Na casa nº 48 da zona baixa de Chan da Pólvora, ao pé do camiño que sube ao Faro, na porta da vivenda puxeron unha nota que di: "Quedou todo recollido. Guardia Civil avisada. Se volven a desaparecer cousas, seguiremos coas denuncias".

Preguntamos aos donos e dixeron que, entre outras cousas: "Picáronlle o tubo da auga e levaron a billa".

Cousas da Illa. Vixilancia cero.



O meu gran amigo Ángel Limeres, co que teño pasado grandes aventuras en Ons nos anos 70 e 80 s.XX, **abraiado** ante a moto de competición do campión de Moto GP, **CESÁREO**.



II FESTA do

PESCADOR

Illa de Ons

UNHA ESCAPADA A ONS

Aproveitando o bo tempo, que aínda hai barco e que o noso amigo Alex organizaba a Festa-Papadela “II Festa do Pescador”, o sábado 24 acheguei-me ata a Illa para despxear un pouco o *Síndrome de Pontearreas*, saudar aos amigos, compartir o *jolgorrio* cos do Pescador e dar unha volta pola Illa para ver como esta todo.

Podemos dicir que todo resultou moi positivo. Primeiro un bo paseo, logo uns viños cos do Pescador escoitando unha boa música a base de gaitas, pandeiro, bombo e pandeiretas nos bares aunienses, saudei a un bo número de veciños que quizais tarde un tempo en miralos, tomamos uns viños moi sabedores e démonos unha boa *papadela* invitados por eses grandes amigos de Portonovo, que antes dirixía Vilas co nome “Festa da Lonxa” e hoxe dirixe Alex con “Festa do Pescador”. Boa camaradería e axustándose á normativa do Parque.

Foto: Dende logo non faltou a típica partida de dominó á que, desta vez, anotouse o *Gran Tabo*, chegado dende O Grove.



A COMPOSTAXE EN ONS

Hai un tempo que pedimos, con respecto ao lixo, que ao final do peirao haxa un ou varios contedores para que alí os visitantes depositen o lixo antes de marchar. Tamén solicitouse que haxa por barrios ou zonas uns contedores de vidro e aceites pois, unha illa xestionada pola Consellería de M. Ambiente e que está facendo campañas de concienciación para a reciclaxe, sexa xustamente en ONS, Parque Nacional, onde non se faga, toda unha incongruencia que demostra o nivel dos nosos políticos da Xunta.

Pois ben, o bo facer dos veciños, fixo que este verán o *Composteiro Maior do Reino* o noso amigo Adrián, casa nº 30 en Caño e os propietarios da casa nº 85 en Pereiró, se animaran a solicitar material adecuado para levar a cabo o tema da compostaxe en ONS.


Segundo comentou o propio Adrián: *“Funcionaron correctamente con aporte orgánico máis ou menos semanalmente. No da casa 30 encheuse ata arriba con broza das rozas e como estaba máis seco, deixámolo sen a tapa para que lle chova. No da casa 85 tiña máis humidade porque tamén aportaron algo de argazo. A ver como sae a proba.”*

Fantástica iniciativa que ogallá saia ben e seguindo o Efecto Vicente, os demais aunienses tamén se animen, porque, se esperan ter axuda da administración, mellor non facer nada. **FOTOS:** Arriba: casa 30, abaixo: casa 85.



ESTADO DALGÚN CAMIÑO

Como xa o augurou Pineiróns nos seus Informes á Consellería e eu tamén en Onstopus, ía haber camiños que senón se reparaban adecuadamente, coa chegada de fortes chuvias volverían a quedar esnaquizados. Como sempre, non fixeron caso e estes días de setembro que choveu pouco pero forte, vemos como quedou esta corredeira que dende o Pirata vai cara ao camiño do Faro. Non hai, nas obras da administración, previsión de futuro e as empresas que contratan deixan moito que desexar, pero, como paga o pobo....



O CAMPANU DE MAQUI

Na anterior revista, o Gran Maqui saía xunto a Carrillo coa camiseta de <Lansa e nada>. Xa cabreado, decidiu marchar a probar sorte noutras latitudes, e foise a Islandia. Xa alí, con todo o papelorio e permisos en regra, “*chegou, viu e pescou*”, ou, o que é o mesmo <Lansa e firme>, e así conseguiu o seu primeiro salmón. Está claro, ata na pesca “ninguén é profeta na súa terra”